



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Secretaría

Nomeamento de asesora do tribunal no proceso selectivo para a cobertura dunha praza de conserxe pola quenda libre (OEP 2024)

ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 1409/2025, de data 12.11.2025, acordouse o nomeamento dunha asesora do tribunal do proceso selectivo dunha vacante de conserxe, cuxa parte dispositiva, no que aquí interesa, dispón:

“Asunto: NOMEAMENTO DE ASESORA DO TRIBUNAL NO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE CONSERXE POLA QUENDA LIBRE (OEP 2024)

PRIMEIRO. Nomear asesora do tribunal do proceso selectivo para a cobertura mediante oposición, en quenda libre e por medio de persoal funcionario de carreira, dunha vacante de conserxe, incluída na OEP do ano 2024 a Adela Pita Permuy, persoal funcionaria de carreira na categoría de normalizadora lingüística do Concello de Narón, quen actuará en calidade de asesora especialista no primeiro exercicio da fase de oposición.

SEGUNDO. Notificarlle e/ou comunicarlle esta resolución á persoa interesada, ao tribunal designado e ao Concello de Narón.

TERCEIRO. Publicar esta resolución no BOP, no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, con indicación de que fronte a ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a xurisdición contencioso-administrativa, contados desde o día seguinte ao da súa publicación no BOP”

En Fene, asinado dixitalmente o 14.11.2025 pola alcaldesa Alejandra Permuy Meizoso

2025/7632